

**II. AUTORIDADES E PERSOAL****B) NOMEAMENTOS****CONSELLERÍA DO MAR**

*ORDE do 24 de setembro de 2020 pola que se dispón o nomeamento dun membro do Consello de Administración do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia.*

A Lei 3/2004, do 7 de xuño, de creación do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, establece no seu artigo 7 o carácter e constitución do seu Consello de Administración, e o artigo 4 do Decreto 41/2005, do 17 de febreiro, do seu regulamento, que a consellería competente en materia de pesca designará catro vogais entre o persoal ao servizo da Administración autonómica, que deberá ser persoal funcionario ou persoal laboral fixo.

Polo exposto, en exercicio da facultade atribuída,

DISPOÑO:

O nomeamento de Silvia Cortiñas Fernández como vogal do Consello de Administración do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia.

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2020

Rosa María Quintana Carballo  
Conselleira do Mar

